



Compostela  
Cultura

---

AUDITORIO DE GALICIA

**REAL**  
**FILHARMONÍA**  
**DE GALICIA**

2019 → 2020

---

**XOVES 28**  
**NOVIEMBRE 2019**

20.30 h

Auditorio de Galicia

**CINEUROPA**  
**A CAÍDA DA CASA USHER**

**José Antonio Montaña** Director

---

**Sala Mozart**

**19.45 h**

CONvers@ndo con

JOSÉ ANTONIO MONTAÑO Director

JOSÉ M<sup>o</sup> SÁNCHEZ-VERDÚ Compositor



---

# **PROGRAMA**

---

## **JOSÉ M<sup>a</sup> SÁNCHEZ-VERDÚ (1968)**

El palacio encantado (10')  
(estrea en España)

A caída da Casa Usher\* (1928) (63')

Música: José M<sup>a</sup> Sánchez-Verdú  
(estrea en España)

*\*Coproductión do Festival Stresa (Italia), Real Filharmonía de Galicia e Casa da Música de Porto (Portugal).*

---

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 15 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

---

## **A CAÍDA DA CASA USHER**

### REPARTO

Jean Debucourt, Sir Roderick Usher  
Marguerite Gance, Madeleine Usher  
Charles Lamy, Allan, o invitado  
Fournes-Goffard, o doutor  
Halma, camareiro  
Luc Dartagna, cliente do bar  
Abel Gance, cliente do bar  
Pierre Hot, cliente do bar  
Pierre Kefer, cliente do bar

### FICHA TÉCNICA

Dirección: Jean Epstein  
Guión: Jean Epstein, Luis Buñuel (baseado no relato de Edgar Allan Poe)  
Música: José M<sup>o</sup> Sánchez Verdú (para orquestra, 2019) /  
Edición: Breitkopf & Härtel  
Fotografía: Georges Lucas, Jean Lucas  
Producción: Films Jean Epstein  
Ano: 1928  
Nacionalidade: Francia  
Duración aproximada: 63 minutos

**Sinopse:** Lord Roderick Usher está preocupado pola saúde da súa esposa, con quen vive nunha casa illada no medio dunha lagoa, un lugar cargado de enigmas e suspense. Chama a un dos seus amigos, quen atopa ao dono da casa pintando con furia o retrato da súa esposa. Ela atópase moi debilitada nesta atmosfera sórdida, transmitindo na pintura a pouca vida que lle queda. Un día a muller falece e entérrana na cripta do parque. Pero Roderick está convencido de que ela só está durmida. Unha noite de tormenta Madeleine sae da tumba, mentres un raio cae sobre a casa Usher.

---

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

---

## Director artístico titular

Paul Daniel

## Principal director invitado

Jonathan Webb

## Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

---

## VIOLÍNS I

Teimuraz Janikashvili  
(concertino)  
Adriana Winkler  
(axuda de concertino)  
Ildikó Oltai \*\*  
Michal Ryczel  
Anna Alexandrova  
Ilya Fisher  
Claudio Guridi  
Victoria Jurov  
Daniel Kordubaylo  
Yulia Petrushevskaya

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Kiyoko Ohashi  
Helena Sengelow  
Enrique Roca  
Gyula Vadaszi  
Samira Ajkic  
Elina Viksne

## VIOLAS

Tilman Kircher \*  
Natalia Madison \*\*  
Timur Sadykov

Ionela Ciobotaru  
Iriana Fernández  
Anne Schlossmacher  
Oxana Bakulina

## VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*  
Thomas Piel \*\*  
Ailsa Lewin  
Millán Abeledo  
Carlos García

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Oriol Xicart

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Luis Soto \*\*

## ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*

## CLARINETES

Beatriz López \*  
Vicente López \*\*

## FAGOTES

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*

## TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Alfredo Varela \*

## TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*

## TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)  
Iago Ríos (R)

## PERCUSIÓN

José Vicente Faus \*  
Gonzalo Zandundo (R)

## PIANO

Haruna Takebe (R)

## GUITARRA

Ramón Carnota (R)

---

# JOSÉ ANTONIO MONTAÑO

Director

---

O madrileño José Antonio Montaña é considerado pola prensa musical especializada como “un dos directores de orquestra españois con máis proxección do momento”. Formado ao lado de Mestres como Jesús López Cobos, Evelino Pidò, Pinchas Steinberg ou Arturo Tamayo, vén desenvolvendo unha exitosa e versátil carreira en teatros e auditorios de prestixio internacional a través de todos os xéneros (ópera, ballet, sinfónico e música de cámara), abranguendo un extenso repertorio que vai desde un primeiro barroco ata estreas contemporáneas absolutas.

É convidado a dirixir orquestras como a Sinfónica de Madrid, Sinfónica de Milán, Orquestra do Teatro Carlo Felice de Xénova, Sinfónica de Castilla y León, Orquestra de la Comunidad de Madrid, Sinfónica de Galicia, l’Orchestra dell’Accademia do Teatro La Scala de Milán, Orquestra da Ópera Real de Valonia, Sinfónica de Saint-Étienne, Orquestra de Extremadura, Sinfónica de Navarra, Sinfónica de la Región de Murcia, Joven Orquestra del Teatro Real (director titular 2003-2013), entre outras. É fundador da orquestra con instrumentos de época La Madrileña.

Dirixe nos teatros máis importantes de España como o Teatro Real, Zarzuela, Monumental, Teatros del Canal, Teatro Español, María Guerrero, Fundación Juan March, Auditorio Nacional de Música de Madrid, Arriaga de Bilbao, Palacio de Festivales de Santander, Auditorio Baluarte de Pamplona, Teatro Romano de Mérida, Auditorio Ciudad de León, Principal de Mahón, Teatro Colón da Coruña ou Víctor Villegas de Murcia. En Italia en La Scala de Milán, Carlo Felice de Xénova, Valli de Reggio Emilia, Comunale de Ferrara, Comunale de Treviso, Auditorio Largo Mahler de Milán e Palacio Real de Nápoles. En Francia no Grand Théâtre Massenet de Saint-Etienne. En Rusia no teatro Alexandrinski de San Petersburgo e en Bélxica na

---

Ópera Real de Valonia, entre outros.

Cun amplo repertorio sinfónico, desenvolve tamén desde 1998 unha intensa actividade no repertorio operístico con títulos como: *A verdadeira constancia* ou *O mundo da Lúa* de Haydn, *Don Giovanni* de Mozart, *O matrimonio segredo* de Cimarosa, *O titor enganado* de V. Martín y Soler, *A fábula de Orfeo* de Monteverdi, *Dido e Eneas* de Purcell, *La contadina* de Hasse, *A criada patroa* de Pergolesi, *O sacrificio de Abraham* de Rossi, *Las labradoras de Murcia* de Rodríguez de Hita, *O barbeiro e Sevilla* e *A viaxe a Reims* de Rossini, *Don Pascual e Rita* de Donizetti, *Don Juan Tenorio* de Carnicer, *Os puritanos de Escocia* de Bellini, *La Bohème* de Puccini, *El gato con botas* de Montsalvatge, *Fantochines* de Conrado del Campo ou *The Little Sweep* de Britten.

Entre as súas últimas actuacións cómpre destacar o seu regreso ao Teatro Real de Madrid coa ópera *Os puritanos* xunto a Evelino Pidò e os cantantes Diana Damrau e Javier Camarena; os seus exitosos concertos á fronte da Orquestra Sinfónica de Milán-La Verdi como director convidado nas últimas catro temporadas; o seu debut coa Sinfónica de Castilla y León e coa Orchestra dell'Accademia do Teatro La Scala de Milán; así como actuacións coa Orquestra Sinfónica de Navarra no Teatro Baluarte de Pamplona, diferentes producións realizadas xunto ao Ballet Nacional de España e os seus concertos con La Madrileña.

Debutou no Festival de Stresa en Italia dirixindo novamente á Sinfónica de Milán e en España poderemos velo, ademais de coa Real Filharmonía de Galicia, coa Orquestra de Córdoba e a Orquestra Clásica Santa Cecilia, entre outros proxectos.

---

# JOSÉ M<sup>º</sup> SÁNCHEZ-VERDÚ

## Compositor

Iniciou a súa formación musical en España (Composición, Dirección de Orquestra e Coro e Musicoloxía no RCSM de Madrid) e continuouna en Italia (Accademia Chigiana) e Alemaña (Musikhochschule de Frankfurt), ademais de en numerosos cursos europeos (París, A Haia, Donaueschingen, Darmstadt...).

Como compositor traballou coas agrupacións e festivais máis destacados de Europa (Radiofusión Bávara, Orquestra da Suíza Francófona, Orquestra Sinfónica de Radio Berlín, Sinfónica de Lucerna, Sinfónica de Milán Giuseppe Verdi, Ensemble Modern, Ensemble Recherche, MusikFabrik, Música Viva de Múnic, Ultraschall de Berlín, ECLAT Stuttgart, MärzMusik Berlin, Bienal de Múnic, Música Nova de Helsinqui, Bienal de Salzburgo, Festival de Outono de Varsovia, Festival Schleswig-Holstein, Bienal de Venecia, Wien Modern...) e directores como Z. Mehta, R. Frühbeck, J. López Cobos, L. Zagrosek, M. Janowski, S. Cambreling, M. Sanderling, P. Rundel, J. Kalitzke, J. R. Encinar, P. Halffter...

Os seus proxectos escénico-musicais abriron un gran campo de traballo que recibiu importantes recoñecementos internacionais e programáronse xa en Berlín, Hamburgo, Múnic, Stuttgart, Venecia, Lucerna, Lugano, Salzburgo, Madrid, Buenos Aires, O Cairo... As súas óperas *El viaje a Simorgh* e *GRAMMA* foron seleccionadas no apartado de mellores estreas dos anos 2006 e 2007, respectivamente, pola revista *Opernwelt*. Recibiu premios como o Förderpreis da Siemens-Stiftung (Múnic, 2000), o Premio Nacional de Música en España (2003), o Irino Prize (Tokio, 1998), o primeiro premio do INAEM/Colegio de España en París (1998), o primeiro premio da Junge Deutsche Philharmonie para representar a Alemaña como compositor na Philharmonie de Berlín (1999),

---

o premio da Bienal de Bergische por toda a súa obra (Wuppertal, 2002), o Premio Antara (Perú, 2007), o Award for Artistic Excellence Vila Concordia (Bamberg, 2014), o Premio Ibn Arabi 2015 ou o Premio de Honra da Semana de Música Religiosa de Cuenca (2017), entre outros moitos.

Dende moi cedo, tras estudar con García Asensio, A. Tamayo e W. Raiski, desenvolveu unha repousada traxectoria como director que o levou a dirixir en España, Italia, Alemaña, Suecia, Austria, Bélxica, Suíza, Finlandia, Polonia, Romanía, Arxentina, Uruguai, Perú, México... Dirixiu xunto a solistas como Carolin Widmann, Ara Malikian, Ofelia Sala, Ana Häsler, Celia Alcedo, Carlos Mena, Marcel Pérès, A. Garrobé, I. Alberdi... En 2007 foi nomeado Director Honorario da Orquesta Manuel de Falla de Cádiz. Como director gravou varios CDs con distintos selos de España, Perú e Austria (Kairos).

Con 23 anos comezou como profesor de Contrapunto e Fuga no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid. Posteriormente, tras varios anos como compositor en Alemaña, foi convidado en 2001 como profesor de Composición da Robert Schumann Hochschule de Dusseldorf, posto no que continúa. Entre 2008 e 2019 foi profesor de composición no CSMA en Zaragoza. Entre medias, e durante varios anos, foi tamén profesor de Composición na Carl Maria von Weber Musikhochschule de Dresde e Vertretungsprofessor für Komposition na Hochschule für Musik, Theater und Medien de Hannover. A partir de 2019 é catedrático de Composición no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid.

As súas obras edítanse pola prestixiosa editorial Breitkopf & Härtel (Wiesbaden, Alemaña).



---

A obra de Jean Epstein como director de cinema e como filósofo -con todas as súas interrelacións- é para min un dos cumios da arte do cinematógrafo da primeira metade do século XX. Poñer música a unha das súas obras cumio, *La chute de la maison Usher*, foi un labor arriscado e á vez fascinante.

Hai dous anos enfronteime ao seu pensamento a través da miña obra *Alegorías de la luz*, obra escénica para sete instrumentistas, varias instalacións, luces, electrónica en vivo, tres proxectores cinematográficos analóxicos -de 16 e 35 mm e varias pantallas para proxeccións, todo cunha hora de duración. Esta obra estreada na Academia das Artes de Berlín estaba inspirada directamente no libro de Epstein *La intelligence d'une machine* (1935).

*Con La chute de la maison Usher*, Epstein abre varias perspectivas de enorme orixinalidade e alcance que tratei de preservar e desenvolver tamén na música. Para Epstein o cinema configúrase como unha forma de coñecemento que sobrepasa os límites perceptivos e epistemolóxicos humanos. Epstein, xunto a outros autores como Vertov, ofrece a perspectiva da revelación como forma de creación: como necesidade e procura para acadar realidades inaccesibles á percepción humana. En Epstein hai que destacar a mirada cara ao pensamento presocrático, sobre todo a Zenón de Elea, herdeiro da tradición do gran Parménides. E por outro débese sinalar, a través tamén dos seus numerosos textos, como a concepción do movemento é esencial no seu traballo como cineasta (perspectiva xa sinalada por Gilles Deleuze máis recentemente). A concepción do movemento en Epstein é sobre todo temporal e metafísica. Teoloxía e revelación van da man. As categorías da percepción son transformadas a partir dos medios que ofrece a nova arte do cinema a comezo do XX. Epstein enfróntase ao principio de reversibilidade no seu traballo a partir da súa técnica de montaxe. O uso do *ritardando*, da deceleración das

---

imaxes, chega na súa obra (sobre todo a partir de *La chute...*) a un primeiro momento culminante. Moitos anos despois este tipo de traballo foi expandido non só á imaxe senon tamén ao son, como é fascinante observar no seu filme *Le Tempestaire* (1947).

A partitura orquestral que creei entre 2018 e 2019 pretende recoller esta perspectiva na instrumentación, en diversas técnicas de "montaxe" orquestral e no uso da forma, todo en sincronía sempre cos planos e secuencias do filme. A perspectiva acústica da música recrea o lado simbolista de *La chute...* á vez que amplía os efectos de superposición de *tempo*, de imaxes ou do *ritardando* dos planos rodados. Un aspecto fundamental é a recreación dos diferentes espazos que Epstein ofrece na película: espazos abertos (lago, natureza, etc.) e espazos pechados da casa Usher. Dentro da casa, unido ao interese de Epstein polas máquinas (como no libro arriba citado) danse cita numerosos artefactos mecánicos (reloxos, por exemplo) que crean un ambiente marcado polo inexorable do tempo (máquinas en movemento, *ostinati* sonoros, etc.), enfrontando de novo a direccionalidade do movemento coa posibilidade da súa reversibilidade (a gran fronte que abriu o cinema nos seus inicios!). O tempo e o espazo únense nunha perspectiva que nos leva a outra dimensión.

A música pretende achegarse a estas novas dimensións a partir dos personaxes, dos espazos e da trama que Epstein -partindo de varios relatos de Allan Poe, e cun mozo Luis Buñuel como asistente-desenvolveu para crear un relato cinematográfico dunha profundidade reveladora e desconcertante. A guitarra configúrase como un espazo-eixo que transita case toda a película e a música. E máis aló de todo isto propónse un tránsito entre a pantalla (o espazo da proxección) e a orquestra; unha verdadeira traslación da máquina-proxector, como mecanismo e rumor, e a súa corporeización no aparato orquestral. É dicir, en varias ocasións a orquestra devén un

---

xigantesco proxector analóxico e sonoro de 35 mm... Hai, por último, unha pegada que livianamente dáse cita nalgúns momentos, como un palimpsesto: é o eco afastado dalgunhas das ideas que Claude Debussy deixou escritas na súa incompleta ópera con libreto propio sobre o mesmo relato de Poe de *La chute de la maison Usher*... Esta ópera nunca foi rematada, pero queda un amplo guión no que Debussy, unha vez máis, reflectíu o seu interese musical por un texto e unha temática chea de imaxes, reminiscencias simbolistas (como o seu *Pélleas*) e o seu amor por ese mundo de espectros e sombras: o mesmo mundo que Epstein tratou de reflectir coa súa propia personalidade no seu filme.

José M. Sánchez-Verdú

---

**Xoves 12 de decembro**  
**Venres 13 de decembro**  
**20.30 h**

**MESÍAS PARTICIPATIVO**

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Robert Howarth, director  
Elisa Willson, soprano  
Catherine Hopper, alto  
Guy Cutting, tenor  
Morgan Pearse, baixo  
Barcelona Ars Nova, coro  
Mireia Barrera, directora de coro  
Coros afeccionados

G. F. Haendel, *O Mesías*

En colaboración con



---

**Xoves 19 de decembro**

**20.30 h**

**SERENATAS PARA UN SERÁN**

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Jaime Martín, director

W. A. Mozart: *Serenata núm. 9 en Do maior, KV. 320 "Posthorn"*

J. Brahms: *Serenata núm. 1 en Re maior, op. 11*

**19.45 h**

**Sala Mozart**

CONVERSANDO CON...

Jaime Martín, director

---

**AUDITORIO DE GALICIA**

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

**DESPACHO DE BILLETES**

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)  
T 981 542 349 (Teatro Principal)

**OFICINAS**

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)

[www.compostelacapitalcultural.gal](http://www.compostelacapitalcultural.gal)



RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCapitalCultural



@rfgalicia  
@CCultura



GOBIERNO  
DE ESPAÑA



CONCELLO DE  
SANTIAGO



XUNTA  
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA